

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO CONCELLO DE VILASANTAR

“ENTROIDO 2020”

O concurso de disfraces do “Entroido 2020” do Concello de Vilasantar terá lugar o día **22 de febreiro de 2020**, a partir das **17.00 h** no **Salón Parroquial do Priorato** (Mezonzo), e rexeráse polas seguintes bases:

PRIMEIRA: Para participar é obrigatorio inscribirse previamente chamando ao Concello de Vilasantar, 981 778 169 (departamento de cultura) ou ben ese mesmo día no Salón Parroquial do Priorato - Mezonzo (lugar de realización) con alomenos 30 minutos antes do comezo do concurso. Especificarase o número de compoñentes, o lema de identificación e un representante.

SEGUNDA: Establécense dúas categorías do concurso: a) Comparsa ou grupo e b) individual

A) Categoría de grupo ou comparsa

- a. 1º premio: **200 euros**
- b. 2º premio: **100 euros**

Neste caso, entenderanse incluídos nesta categoría de grupo ou comparsa o conxunto de persoas formado por un mínimo de 5 compoñentes representando todos os integrantes do grupo ou comparsa un mesmo motivo.

B) Categoría de disfrace individual:

- a. 1º premio: **70 euros**
- b. 2º premio: **50 euros**

Nesta categoría participarán todos os demais disfraces de forma individual ou o conxunto de persoas formando un número de 4 ou menos.

TERCEIRA: O xurado terá en conta a o vestiario, a maquillaxe, a estética, a orixinalidade, a creatividade, o traballo na elaboración dos disfraces, a organización e a posta en escena, participación e interacción co público, a simpatía e a animación.

Terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso. A decisión do xurado será inapelable.

CUARTA: A inscrición implica o total coñecemento e aceptación das bases do concurso. O incumprimento dalgunha destas bases supón a descalificación e baixa do concurso.

Os participantes que precisen de música para a actuación deberana traer en formato usb, e avisar no concello no momento de anotarse.

QUINTA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo xurado.

Os premios poderán quedar desertos no caso de que non haxa participantes.

SEXTA: para cobrar o premio os gañadores deberán de designar un representante (nome, apelidos, DNI) e faciliar no concello un número de conta (con IBAN) a seu nome para facer efectivo o ingreso, xunto cunha fotocopia do DNI.

SEXTA: Os presentes premios serán outorgados con cargo a partida orzamentaria 33022699.

SEPTIMA: O Concello de Vilasantar resérvase o dereito de darlle publicidade a estas bases e o concurso a través dos medios que considere oportunos.

Vilasantar, 4 de febreiro de 2020

O alcalde

Fernando Pérez Fernández

